

**CONTRATO PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SANEAMENTO EN LAMAS-COSTOIA (BIDUÍDO). POS
ADICIONAL 1/2015**

Na Casa do Concello de Ames a 9 de novembro de 2016.

REÚNENSE:

Dunha parte, D. José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, asistido da secretaría do Concello, D^a Rosa Ana Prada Queipo, en execución dun acordo relativo a unha adxudicación de obra, que foi adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 27 de outubro de 2016.

Doutra parte, D. Oscar Martínez Pais, con DNI nº 44.816.101-A, na representación de **MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.**, con C.I.F. **B-15025372** e domicilio na rúa da Lagoa nº 6, Lucí do Concello de Teo, C.P. 15.883 (A Coruña).

É o obxecto da presente reunión formalizar e asinar o contrato administrativo de execución da obra "**SANEAMENTO EN LAMAS-COSTOIA (BIDUÍDO)**", e ó obxecto establecen as seguintes

CLAÚSULAS:

1ª.- O Concello de Ames adxudica a **MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.** a realización das obras comprendidas no proxecto de "**SANEAMENTO EN LAMAS-COSTOIA (BIDUÍDO)**" no prezo de corenta e un mil cincocentos euros (**41.500.- euros**), sen IVE máis o IVE repercutible ao tipo do 21% que ascende a contía de oito mil setecentos quince euros (**8.715.- €**) de acordo cos pregos e resto de condicións polas que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada polo adxudicatario.

2ª.- Constitúe o obxecto do contrato a execución da obra especificada no prezo indicado, de acordo co prego de condicións polo que se rexeu o concurso e co proxecto que serviu de base para tramitación e aprobación da obra, así como coa oferta presentada polo adxudicatario.

3ª.- Os pagos serán aboados ao contratista contra certificación de obra aprobada polo órgano correspondente da Corporación.

4ª.- A obra será executada no prazo máximo de 6 meses, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5ª.- O contratista constituíu unha fianza definitiva por importe de **2.075,00.- €**, mediante aval do Banco Sabadell SA, inscrito no rexistro especial de avais co nº 10001064633, correspondente ó 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

6ª.- A dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde correrá a cargo do enxeñeiro de camiños, canles e portos, D. Julio C. Rojo Martínez (Estudio Técnico Gallego, S.A.).

7ª.- O contratista colocará, pola súa conta, desde o inicio das obras, un cartel das características que lle serán facilitadas polo Concello.

Lido que foi o presente contrato, do cal forma parte integrante o prego de cláusulas administrativas que rexeu para adxudicación da obra, e facendo constar que se estende por duplicado e a un só efecto e que entrará en vigor no mesmo día da data, asínano, unha vez conformes, o señor alcalde e contratista de que eu, a secretaria, certifico.

O ALCALDE,



Concello
de AMES
ALCALDÍA

A SECRETARIA,-



Concello
de AMES
SECRETARÍA XERAL

O CONTRATISTA,-



MARTÍNEZ MONTES
E HIJOS, S.L.